

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se actualiza a relación de potenciais destinos do concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario de xestión e servizos, convocado mediante a Resolución do 29 de novembro de 2017.

Mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 20 de novembro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 227, do 29 de novembro) aprobáronse as bases do procedemento de concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario do Sistema público de saúde de Galicia.

Na súa base 3.5.1 dispónse que o formulario de participación fará visibles, para a súa selección polo/a concursante, os potenciais destinos, prazas básicas do cadro de persoal das institucións sanitarias, a que poderá optar o/a profesional en función da súa categoría/especialidade de pertenza, con independencia da súa ocupación na data de solicitude por persoal temporal ou fixo. Tales destinos identificaranse por centro, localidade e, se for o caso, quenda de traballo.

De conformidade coa disposición derradeira da antedita resolución, con data do 30 de novembro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 228) convocouse concurso de traslados aberto e permanente para a provisión de prazas básicas de persoal estatutario de xestión e servizos.

Ao resultar necesario efectuar unha actualización na relación publicada en Fides/expedient-e dos potenciais destinos das categorías de celador/a e persoal de servizos xerais, esta dirección, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 47, do 7 de marzo) e o artigo 4 da Orde do 5 de xullo de 2012 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 139, do 20 de xullo),

RESOLVE:

Primeiro. Actualizar a relación publicada en Fides/expedient-e dos potenciais destinos aos cales poden optar os/as profesionais das categorías de celador/a e persoal de servizos



xerais, coa inclusión, desde a data de publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*, dos destinos que se indican no anexo.

Segundo. Os/as aspirantes das categorías de celador/a e persoal de servizos xerais que formalizasen e presentasen por rexistro electrónico o seu formulario de participación no concurso de traslados e desexen efectuar unha modificación deste para incorporaren algún dos destinos relacionados no anexo, deberán efectuar esta modificación a través de Fides/expedient-e. Para iso, o/a profesional deberá acceder ao seu formulario de inscrición, xa formalizado, efectuar sobre este os cambios na selección de prazas que considere oportunos e presentar o formulario de participación coas modificacións efectuadas, por rexistro electrónico, nos termos que se indican na Resolución do 20 de novembro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 227, do 29 de novembro).

Aqueles/as profesionais destas categorías que, tendo presentado a súa solicitude de participación no concurso, non desexen efectuar ningunha modificación no/s destino/s seleccionado/s, non terán que realizar ningunha actuación.

Terceiro. Con carácter excepcional, para as categorías de celador/a e persoal de servizos xerais, e exclusivamente para o primeiro ciclo de adxudicación, admitiranse as solicitudes de participación e petición de destinos que consten rexistradas en Fides/expedient-e e formalmente presentadas ata o 31 de xaneiro de 2018.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2017

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO
Prazas ofertadas

Celador/a

Código	Centro directivo	Centro/s	Concello/s	Área sanitaria	Quenda
6300044	EOXI da Coruña	Arteixo PAC	Arteixo	Coruña, A	PAC
41000044	EOXI da Coruña	Oleiros PAC	Oleiros	Coruña, A	PAC
62700044	EOXI da Coruña	Vimianzo PAC	Vimianzo	Coruña, A	PAC
35900044	EOXI de Ferrol	Narón PAC	Narón	Ferrol	PAC
11800044	EOXI de Pontevedra e O Salnés	Bueu PAC	Bueu	Pontevedra	PAC



Código	Centro directivo	Centro/s	Concello/s	Área sanitaria	Quenda
47700044	EOXI de Pontevedra e O Salnés	Pontevedra-Poio PAC	Pontevedra	Pontevedra	PAC
55000044	EOXI de Pontevedra e O Salnés	Sanxenxo PAC	Sanxenxo	Pontevedra	PAC
1300044	EOXI de Santiago de Compostela	A Estrada PAC	Estrada, A	Santiago de C.	PAC
10300044	EOXI de Santiago de Compostela	Bertamiráns PAC	Ames	Santiago de C.	PAC
26800044	EOXI de Santiago de Compostela	Lalín PAC	Lalín	Santiago de C.	PAC
35300044	EOXI de Santiago de Compostela	Muros PAC	Muros	Santiago de C.	PAC
36900044	EOXI de Santiago de Compostela	Negreira PAC	Negreira	Santiago de C.	PAC
44400044	EOXI de Santiago de Compostela	Padrón PAC	Padrón	Santiago de C.	PAC
49700044	EOXI de Santiago de Compostela	Rianxo PAC	Rianxo	Santiago de C.	PAC
54700044	EOXI de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela PAC	Santiago de Compostela	Santiago de C.	PAC
46500044	EOXI de Vigo	Ponteareas PAC	Ponteareas	Vigo	PAC

Persoal de servizos xerais

Código	Centro directivo	Centro/s	Concello/s	Área sanitaria	Quenda
87800161	EOXI da Coruña	O Portádego	Culleredo	Coruña, A	Mañá

